



f t y  
Federación Galega  
de Esclerose Múltiple

FEDERACIÓN GALEGA DE **ESCLEROSE MÚLTIPLE**, FEGADEM  
Rúa Queixume dos Pinos, S/N, 15705, Santiago de Compostela, A Coruña  
☎ 981 57 52 40; 604050773

W <https://esclerosismultiplegalicia.org>

✉ info@esclerosismultiplegalicia.org

Este material de  
difusión esta  
patrocinado por



## GUÍA BÁSICA DE CONTIDOS DA PÁXINA WEB DE FEGADEM ESCLEROSISMUPLELEGALICIA.ORG

### ¿Es persoa afectada de EM?

#### ¿Familiar ou un referente?

Podes atopar toda a información que precisas na nosa web no apartado de **ESCLEROSE MÚLTIPLE (EM)**.

Como entendela e comprendela, como pode manifestarse, en que formas ou tipos, que deberiamos ter en conta para tratala, no só con tratamentos farmacolóxicos, se non tamén cun tratamento de rehabilitación integral preciso a cada caso.

Non dubides en revisar a información que precisas e consúltanos sempre que o desexas.

### ¿Es entidade e queres coñecernos ?

No apartado de FEGADEM E TRANSPARENCIA tes toda a información precisa para coñecernos como entidade.

Quen somos, cara onde vamos e os valores que impregnan o noso traballo de cara ás persoas afectadas de EM, as súas familias e ou referentes, de cara as nosas asociacións e de cara a cidadanía en xeral.

Podes ter acceso ao noso Plan estratéxico, normativa reguladora como Estatutos e Regulamento de Réxime Interno, as nosas memorias, contas e colaboradores/as. Coñecer a nosa base social, estrutura orgánica e técnica e as nosas entidades socias.

¡FEDÉRATE! cantas máis sumemos, mellor respondemos ás necesidades do colectivo.

O DESENVOLVEMENTO DA WEB DE FEGADEM FOI POSIBLE GRAZAS  
AO MECENADO DE FUNDACIÓN BARRIÉ E RSC DE EDISA

Fundación Barrié



## QUERES SABER O QUÉ FACEMOS

Dirixete ao apartado de **SERVIZOS E PROXECTOS**, onde informamos do que facemos, non so como Federación, se non tamén o que se oferta dende as nosas entidades socias.

Levamos a cabo proxectos e ofertamos servizos dirixidos a:

- Entidades socias da Federación: información, orientación, visibilización e sensibilización da EM, divulgación e comunicación, captación de recursos, convenios de colaboración e actuar como interlocutor e representante dos dereitos do colectivo.
- As persoas afectadas de EM, familiares e/ou referentes: atención integral baseada nun tratamento de rehabilitación individualizado (atención social, psicolóxica, funcional e física, socioeducativa, e sociomunitaria)

## INFÓRMATE ¿De qué?

**Axenda de actividades** da Federación e das entidades socias.

**Noticias de interese**, e buscador das mesmas.

**Imaxes, vídeos, documentos e enlaces de interese** sobre a Federación, as entidades socias, as nosas actividades, servizos, proxectos, noticias e cuestións de relevancia para o colectivo.

## CÓNTANOS A TÚA EXPERIENCIA!

NA NOSA PÁXINA WEB RECOLLEMOS UN APARTADO SOBRE EXPERIENCIAS EM NO CAL QUEREMOS QUE AS PERSOAS PARTICIPEN DE MANEIRA ACTIVA, ENVÍEN AS SÚAS REFLEXIÓNS, TESTEMUÑAS E DATOS QUE NOS AXUDEN A VISIBILIZAR, COÑECER E DIVULGAR EN RELACIÓN A ESTA PATOLOXÍA. HAI VARIAS CATEGORÍAS, DESTINADAS NON SON A PERSOAS AFECTADAS, SE NON A TODAS AQUELAS PERSOAS CONECTADAS POLA SÚA PROFESIÓN, E OU VINCULADAS A NIVEL PERSOAL OU FAMILIAR

## ¿ONDE ESTÁN E QUÉ OFRECEN AS NOSAS ENTIDADES SOCIAS?

Por suposto tes un apartado na nosa web de **ENTIDADES SOCIAS**, no cal recollemos os datos básicos de cada unha delas, os servizos que ofertan e como poñervos en contacto con elas, así como toda a súa actualidade.

Non dubides en pedir información e **FACERTE SOCIO/A**

## COLABORA ¿En qué?

Sexas persoa afectada, familiar, referente, entidade, cidadán e queres colaborar con nós, o podes facer de varias maneiras:

- FACENDO UNHA DONACIÓN
- FACENDOTE VOLUNTARIADO/A
- APOIANDO UNHA INVESTIGACIÓN
- DEIXANDO LEGADOS OU HERDANZAS

**¡XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES CA EM!**

**COLABORAN**

